

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE PEPE DE XAN BAÑA
CURSO: 5º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: Lingua Galega e Literatura
DEPARTAMENTO:
DATA: 06/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendiz
Comprender textos orais sinxelos procedentes da radio, da televisión ou da internet, identificando os aspectos xerais máis relevantes así como as intencións, valores e opinións explícitos.	Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou de internet, identifica o tema e elabora un resumo. Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral sinxelo, distinguindo, de maneira xeral, información de opinión.
Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.	Accede a documentos audiovisuais e dixitais, para obter, seleccionar e clasificar, con certa autonomía, a información relevante e necesaria para realizar traballos ou completar información, valorando os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe. Elabora textos orais sinxelos imitando modelos de calquera medio de comunicación.
Interpretar correctamente a retranca, a ironía e os dobres sentidos, en situacións de comunicación nas que estes resulten bastante evidentes.	Interpreta en producións orais a retranca, a ironía e os dobres sentidos.
Elaborar textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación.	Elabora textos sinxelos propios dos medios de comunicación.
Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e iniciar a realización de inferencias para determinar intencións e dobres sentidos bastante evidentes.	Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo e expositivo). Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.
Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto sinxelo.	Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto sinxelo adecuado á súa idade.
Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo e preposición.

	<p>Conxuga e usa con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos.</p> <p>Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.</p>
<p>Cofecer e aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.</p>	<p>Aplica xeralmente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a ela.</p>
<p>Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas.</p>	<p>Emprega con corrección os signos de puntuación, facendo unha valoración dos resultados.</p>
<p>Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.</p>	<p>Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.</p>

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valoración persoal do traballo e esforzo do alumnado. - Contraste da experiencia/traballo dixital con outro profesorado do centro. - Recompilacións de materiais e valoración por escrito.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Exercicios e tarefas que se pidan. -Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe. -Presentación de traballos. -Debuxos que representen aquilo que aprenderon. -Traballos monográficos e pequenas investigacións.
Cualificación final	<p>Terase en conta a nota media dos dous trimestres anteriores, as tarefas e actividades que se pidan e o seguimento que se realiza do alumnado. Valorarase especialmente o esforzo e os medios dos que dispoña cada unha das alumnas e alumnos nos seus fogares.</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Avaliación de materia pendentes	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>No caso de Lingua Galega e Literatura, as actividades están a ser de repaso e ampliación, sempre que os contidos teñan relación co xa visto no presente curso ou en cursos anteriores.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Todas as actividades están propostas tendo en conta o nivel curricular medio do grupo e as súas aprendizaxes previas, outorgando un uso significativo da lectura, da escritura e das TIC. A hora de entregar as tarefas dáse flexibilidade ao alumnado, tendo en conta as diferenzas individuais e medios dos que dispoñen.</p>
Materiais e recursos	<p>No que respecta ao alumnado con conectividade, envíanse a diario as actividades propostas. Estas van en formato PDF. Cada unha das actividades acompáñase dunha explicación e/ou un vídeo insertado mediante un hipervínculo que dá acceso a un enlace externo (youtube, Vimeo, páxinas informativas...).</p> <p>No caso do alumnado sen conectividade (datos mediante teléfono móbil), envíanse as tarefas mediante un servizo de fotocopias que oferta o Concello de Santa Comba. Os vídeos e outros recursos coma imaxes, facilítanse ao</p>

	alumnado a través do watshapp das nais/pais. Este alumnado ten un seguimento diferenciado en canto a resto, titorizado mediante chamadas ás familias todas as semanas para resolver posibles dúbidas.
--	---

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A comunicación principal co alumnado realízase a través das familias, ben a mediante chamadas telefónicas, correo electrónico ou whatsapp. No meu caso debido a problemas de seguridade, fiabilidade e conectividade , descartei a utilización de outros medios como Skype ou Zoom.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.